

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Nº 23

Ano 4

xullo-agosto 2009

Os arquivos da fidalguía (I) ÁRBORES XENEALÓXICAS E LIÑAXE

Durante case quince séculos, e ata ben entrado o XIX, **nobreza** e **clero** rexeron as sociedades europeas. Os nobres plasmaron a antigüidade e permanencia das súas estirpes confeccionando **árbores xenealóxicas** coas que destacaron a importancia da **liñaxe** na sociedade do **Antigo Réxime**. Por isto último, as xenealoxías son documentos particularmente significativos dos **arquivos da fidalguía** e consérvanse con abundancia no Arquivo Histórico Provincial de Ourense, rico en fondos de familias fidalgas da provincia.

Aínda que na teoría a sociedade do Antigo Réxime se autorepresentaba como estática e inalterable, o certo é que era posible o ascenso ou **mobilidade social**. O caso da **fidalgúa galega** é un bo exemplo disto, se se ten en conta que a orixe destas liñaxes procedía en xeral da fundación de vínculos ou **morgados** por parte de individuos raramente nobres que reuniran un capital e conseguiran ascender socialmente aproveitando conxunturas socioeconómicas propicias.

Esta mobilidade social contradecía os ríxidos principios ideolóxicos do Antigo Réxime segundo os cales a **orde social** herdada era inmutable e a nobreza, polo tanto, eterna. Neste contexto, a **Xenealoxía** foi un útil instrumento para harmonizar esa contradición entre principios e realidade, xa que moitas veces encubriu casos de ascenso social a través do ocultamento das verdadeiras orixes familiares dos novos fidalgos. Con isto a sociedade aparentaba ser tan estática como en teoría debía ser.

Así, a Xenealoxía, convertida en disciplina cultivada por especialistas (xenealoxistas e reis de armas) documentaba o **parentesco** de alguén con remotos antepasados que gañaran a súa nobreza en honrosas fazañas do pasado. Demostrábase deste xeito o antigo avoengo das familias fidalgas e, de paso, lexitimábase un **status privilexiado** herdado daqueles insignes devanceiros.

Máis alá desta **utilidade simbólica**, as xenealoxías tamén podían ter rendabilidade material: per-

mitían probar parentesco na reclamación xudicial dunha **herdanza** cando alguén morría sen herdeiros directos, ou na solicitude de acceso aos auxilios de **obras pías** fundadas para amparar aos familiares do fundador: dotes para mozas orfas, axudas para estudos eclesiásticos ...

Pero ademais, coas xenealoxías acreditábase **limpeza de sangue** (ser fillo lexítimo, non ter antepasados bastardos, herexes, xudeos nin musulmáns...), un requisito indispensable na España do Antigo Réxime para acceder a cargos públicos ou eclesiásticos e para ingresar en multitude de institucións como colexios maiores, cabidos catedralicios, etc.



1700. S. I.

Árbore xenealóxica da familia Puga de Ourense.

Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 435 x 580 mm; Boa.

AHPOu, Fondo Familia Vaamonde, caixa 140.

Morgados e pazos

No proceso de construción da **Monarquía Absoluta**, os reis europeos procuraron erosionar o poder territorial da nobreza a través de distintas estratexias. Unha delas foi atraelos á corte real para afastalos dos seus dominios xurisdicionais. Os **Reis Católicos** reservaran ese destino para a **alta nobreza galega**, representada na provincia de Ourense polos condes de Monterrei ou os de Ribadavia, entre outros. A ausencia física desta elite transferiu o liderado social ao **clero** e a unha emerxente nobreza menor, a **fidalgúa**, que aglutinaba familias de diversa orixe e fortuna.

Aínda que algúns dos fundadores destas estirpes eran descendentes de pólas menores da nobreza baixomedieval, outros moitos foran cregos, escribáns, escudeiros, comerciantes e mesmo campesiños acomodados. En moitos casos enriquecéranse grazas ao **dinamismo económico** rexistrado en Galicia nos primeiros tres cuartos do século XVI, pero tamén como prestamistas ou compradores de terras e rendas de familias endebedadas durante as graves epidemias e fames do último cuarto dese século. A partir destas fortunas iniciais fundaron **morgados** ou **vínculos**, é dicir, vincularon xuridicamente un conxunto de bens que non podían ser vendidos nin partidos nas herdanzas co fin de perpetuar a titularidade deses bens na familia do fundador. No solar fundacional construíron o **pazo** familiar desde onde exerceron o control sociopolítico do mundo rural e, aqueles que conseguiron acceder a cargos municipais, tamén o do ámbito urbano.



Os foros dos mosteiros

Os Reis Católicos tamén impulsaran unha reforma do **clero regular** que readaptou os modos de xestión dos patrimonios de mosteiros e conventos. Esta readaptación consistiu, entre outras cousas, en encomendar aos fidalgos a explotación de extensos dominios monásticos a través de **contratos de foro** con rendas moderadas. Os fidalgos entregaron estas terras aos labregos para que as traballaran mediante outro contrato foral (**subforo**). Así, o campesiño pagaba ao fidalgo unha cantidade que englobaba a

renda debida aos monxes, máis un avultado recargo que, como intermediario, cobraba para si o fidalgo.

Esta intermediación no «**sistema foral**», tamén practicado coas terras da alta nobreza absentista, resultou un negocio moi rendible e conferiulle á fidalguía unha posición clave no engranaxe socioeconómico de Galicia, vixente ata o **Decreto de redención de foros de 1926**.

O Estado Liberal como oportunidade

A **fin do Antigo Réxime** supuxo a perda da súa condición xurídica de privilexiados, pero non a da súa preminencia económica, política e social. De feito, a **Desamortización** liberal do século XIX foi unha boa oportunidade para facerse co directo dominio das terras que levaban como foreiros dos mosteiros. No **Novo Réxime Liberal** desempeñaron cargos relevantes nas administracións públicas, na xudicatura, no exército, nas universidades e na política. Outros exerceron profesións liberais ou seguiron o tradicional camiño da carreira sacerdotal para ocupar altas dignidades eclesiásticas.

Os arquivos dos pazos

Os arquivos da fidalguía son o reflexo documental do proceso que se acaba de describir: escrituras de vínculos, morgados e foros, memoriais cobradores de rendas forais, títulos de xuíces e escribáns, títulos universitarios e eclesiásticos... Todos estes documentos resultaron indispensables para a xestión de vastos dominios que foron crecendo ao longo do tempo, con frecuencia pola **agregación de patrimonios** de familias que entroncaban entre si seguindo unha acusada **endogamia** social. Estes enlaces tamén implicaron a agregación de arquivos familiares que contiñan xenealoxías, documentos acreditativos dos **bens e dereitos** da familia, papeis que serviron para administrar e defender ese patrimonio ou para exercer o **señorío xurisdiccional** ou dereitos de padroado de beneficios eclesiásticos, **obras pías**...

Estes arquivos que tradicionalmente foran utilizados para a elaboración de **xenealoxías** e historias familiares, hoxe serven para afondar no coñecemento histórico deste grupo social tan importante na Historia de Galicia. En xeral son útiles para investigacións de **historia social e económica**, particularmente no ámbito agrario, pero tamén para o estudo dos **poderes locais**, xa sexa a través do señorío xurisdiccional ou dos cargos municipais.